

Nota Sectorial

**Incentivos á implantación en
México**

Esta nota sectorial foi realizada por
José Ares López

Baixo a supervisión da Antena IGAPE México

Maio 2022



EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE: A información e os contidos incluídos neste documento non teñen carácter vinculante, pois trátase dun servizo ofrecido cun carácter informativo e divulgativo. Tampouco representa a opinión da Antena Igape México, que non se responsabiliza do uso que poida facerse deles.

Índice de contidos

1. ORGANISMOS DE APOIO Á INVESTIMENTO	5
1.1 SECRETARÍA DE ECONOMÍA. DIRECCIÓN XERAL DE INVESTIMENTO EXTRANXEIRA (DGIE)	5
1.2. SECRETARÍAS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	6
1.3. NACIONAL FINANCEIRA (NAFIN)	6
1.4. BANCO NACIONAL DE COMERCIO EXTERIOR. BANCOMEXT	8
1.5. BANCO NACIONAL DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS (BANOBRAS).	8
1.6. UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO PRODUCTIVO (UDP) da SECRETARÍA DE ECONOMÍA	9
2. RÉXIME DE INVESTIMENTOS	10
3. INCENTIVOS Á INVESTIMENTO	16
3.1 INCENTIVOS FISCAIS, SECTORIAIS OU REXIONAIS	16
3.1.1.- PROGRAMAS DE COMERCIO EXTERIOR	16
3.1.2.- PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN	18
3.1.3.- APOIO ÁS MIPEMEs	19
3.1.4.- INCENTIVOS FISCAIS.....	19
3.1.5.- INCENTIVOS LABORAIS	20
3.2 ZONAS FRANCAS OU ZONAS ECONÓMICAS ESPECIAIS	21
3.3 OUTRO TIPO DE INCENTIVOS	22

1. ORGANISMOS DE APOIO Á INVESTIMENTO

En México, diversas entidades públicas e privadas realizan actividades orientadas á promoción da investimento estranxeira neste país. No ámbito público, as principais entidades gubernamentais de promoción da investimento estranxeira son:

- A Secretaría de Economía,
- A Secretaría de Relacións Exteriores
- A Secretaría de Facenda e Crédito Público.

Hasta o ano 2019 un dos organismos máis activos en materia de atracción de investimentos de promoción da exportación mexicana era ProMexico pero esta institución deixou de existir e súas actividades foron asumidas polas Secretaría de Economía e a Secretaría de Relacións Exteriores.

A nivel estatal, as Secretarías de Desenvolvemento Económico dos Estados (SEDECOS), constitúen o contacto dos estados con respecto á atracción de investimento estranxeira. Adicionalmente, Entidades Municipais e Cidades, contan con organismos de desenvolvemento económico que promoven a atracción de investimento ás súas respectivas rexións.

A **Asociación Mexicana de Secretarios de Desenvolvemento Económico (AMSDE)** é o organismo encargado de coordinar as accións das diferentes Secretarías de Desenvolvemento Económico.

Polo que respecta á iniciativa privada, todas as Cámaras de Comercio e de Industria federais, estatais e locais realizan labores de promoción da investimento estranxeira. Tamén existen certas asociacións especializadas na promoción da investimento estranxeira, como a **Asociación Mexicana de Parques Industriais (AMPIP)** ou o Consello Empresarial Mexicano de Comercio Exterior, Tecnoloxía e Investimento (COMCE) que aínda que non son organismos especificamente orientados á atracción de investimento estranxeira directa poden ser un grande apoio e unha moi boa fonte de información.

A continuación descríbense os principais organismos que realizan labores de atracción de investimento estranxeira a nivel federal:

1.1 SECRETARÍA DE ECONOMÍA. DIRECCIÓN XERAL DE INVESTIMENTO EXTRANXEIRA (DGIE)

A Dirección Xeral de Investimento Extranxeira (DGIE) é a Unidade Administrativa da Secretaría de Economía encargada, entre outras, de emitir resolucións administrativas baixo a Lei de Investimento Extranxeira; administrar e operar o Rexistro Nacional de Investimentos Extranxeiros (RNIE); elaborar e publicar estadísticas sobre o comportamento da IED no territorio nacional; actuar como Secretaría Técnica da Comisión Nacional

de Inversións Extranxeras; representar a México ante os foros internacionais de investimento; contribuir na promoción e atracción de investimentos; difundir información e estudos sobre o clima de investimento no país e instrumentar lineamentos de política pública en materia de IED.

As accións e programas impulsados pola Secretaría de Economía pódense consultar en <https://www.gob.mx/se/> e <https://www.gob.mx/se/#572>

Secretaría de Economía. Dirección Xeral de Inversión Extranxeira	
Dirección	Pachuca 189 - Col, Condesa. Cuauhtémoc C.P 06140
Teléfono	(0052) 55 5729 9100
Mail	contacto.ciudadano@economia.gob.mx
Web	www.gob.mx/se

1.2. SECRETARÍAS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Todos os Estados da República contan con organismos de desenvolvemento económico que promoven a atracción de investimento a súas respectivas rexións.

Aínda contando con diferencias nas súas liñas de apoio e organización, todos estes organismos veñen coordinados pola **Asociación Mexicana de Secretarios de Desenvolvemento Económico (AMSDE)**. No seu portal pódense consultar os datos de contacto de cada unha destas secretarías para obter información individualizada dos apoios á inversión en cada rexión: <http://amsde.mx/directorio/>

Asociación Mexicana de Secretarios de Desenvolvemento Económico, A.C	
Dirección	Ángel Urraza 428 - 1, Del Valle, Benito Juárez C.P 03100
Teléfono	(0052) 55 5636 2200
Mail	innovacion@amsde.mx
Web	www.amsde.mx

1.3. NACIONAL FINANCIERA (NAFIN)

É unha Institución de Banca de Desenvolvemento a cal ten a función de promover o aforro e a inversión, canalizar os apoios financeiros co fin de fomentar o desenvolvemento integral do sector industrial e promover a súa eficiencia e competitividade e, en xeral, o desenvolvemento económico nacional e rexional do país.

A súa principal estratexia é promover o acceso das MIPEMES (Micro, Pequena e Mediana Empresa) ós servizos financeiros; impulsar o desenvolvemento de proxectos sustentables e estratéxicos para o país; promover o desenvolvemento do mercado de valores e fungir como Axente Financeiro do Goberno Federal, co fin de contribuir ó crecemento rexional e á creación de empregos.

Ca nova administración que tomou posesión en decembro de 2018 anunciouse que se fusionan NAFIN e Bancomext.

Os seus principais programas de financiación pódense consultar en:

<https://www.nafin.com/portalfn/content/financiamiento/> con programas específicos como:

- **Cadeas Productivas¹:** Distintas alternativas para optimizar a xestión dos cobros e obtención de liquidez, mediante o desconto de efectos comerciais e factoring.
- **Desenvolvemento Empresarial²:** a entidade ofrece cursos presenciais sobre distintos aspectos do mundo empresarial e ferramentas informáticas como aplicacións web para avaliar proxectos ou simular opcións de financiación.
- **Banca de Empresas³:** Inclúe programas de impulso a proxectos de medio ambiente e enerxía ante o Cambio Climático e de proxectos de enerxía renovable. Que se poden consultar no seguinte enlace <https://www.nafin.com/portalfn/content/banca-de-empresas/proyectos-sustentables/>
- **Financiamiento Corporativo⁴:** inclúe financiación corporativa, instrumentos bolsistas e outras modalidades de financiación para grandes proxectos.
- **Capital⁵:** Corporación Mexicana de Inversiones de Capital (CMIC) ou Fondos de Fondos. O Fondo de Fondos é o vehículo único do Goberno Federal creado para impulsar a industria de Capital de Risco en México. Iniciou operacións en agosto de 2006 e durante estes 11 anos da súa existencia contribuíu ó desenvolvemento e á competitividade das pequenas e medianas empresas, así como ó sector enerxético e de infraestrutura no país. Fondo de Inversiones China-México.
- **Intermediarios Financeiros⁶:** Información para intermediarios que queiran incorporarse á rede de Nafin.
- **Piso financeiro⁷:** Diversos produtos e servizos financeiros como xestión de tesorería, mercados financeiros, análise e promoción de mercados, préstamo de valores, operadora de fondos ou relacións con inversionistas.

Nacional Financeira (NAFIN)	
Dirección	Av. Insurgentes Sur 1971, Guadalupe Inn C.P 01020
Teléfono	(0052) 01 800 623 4672 / 55 5325 6000
Mail	info@nafin.gob.mx
Web	www.nafin.com

¹ <https://www.nafin.com/portalfn/content/cadenas-productivas/>

² <https://www.nafin.com/portalfn/content/desarrollo-empresarial-y-asistencia-tecnica/>

³ <https://www.nafin.com/portalfn/content/banca-de-empresas/>

⁴ https://www.nafin.com/portalfn/content/banca-de-empresas/financiamientocorporativo/modalidades_fcorp.html

⁵ <https://www.nafin.com/portalfn/content/banca-de-empresas/capital/>

⁶ <https://www.nafin.com/portalfn/content/intermediarios-financieros/>

⁷ <https://www.nafin.com/portalfn/content/piso-financiero/>

1.4. BANCO NACIONAL DE COMERCIO EXTERIOR. BANCOMEXT

Outorga financiación para atender os requirimentos tanto de corto como de medio e longo prazo das empresas participantes no comercio exterior mexicano, incluíndo a exportadoras e os seus provedores, importadoras, empresas que substitúen importacións e xeneradoras de divisas. Como comentamos, a actual administración (2018-2024) anunciou a fusión de Bancomext con Nafin. Entre os servizos que ofrece destacan:

- Financiación mediante créditos para equipamento, proxectos de investimento, inventarios, etc.⁸
- Apoio financeiro a través de intermediarios dirixido a Pequenas e Medianas Empresas
- Exportadoras (Crédito PyMEX)
- Avais e Garantías
- Cartas de Crédito⁹
- Factoring
- Fondos de investimento de capital de risco
- Financiación para proxectos sostibles de medio ambiente
- Outros servizos fiduciarios

Para maior información sobre os servizos e actividades que realiza Bancomext pódese consultar o seguinte enlace: <https://www.bancomext.com/>

Banco Nacional de Comercio Exterior (BANCOMEXT)	
Dirección	Periférico Sur 4333, Col. Jardines de la montaña, Tlalpan C.P 14210
Teléfono	(0052) 55 5449 9000
Mail	bancomext@bancomext.gob.mx
Web	www.bancomext.com

1.5. BANCO NACIONAL DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS (BANOBRAS).

O Banco Nacional de Obras e Servizos Públicos é unha institución de banca de desenvolvemento, con participación estatal maioritaria con personalidade xurídica e patrimonio propios.

O obxectivo da entidade é financiar ou refinar os proxectos de investimento pública ou privada en infraestrutura e servizos públicos, así como axudar ó fortalecemento institucional dos gobernos Federal, Estatais, Municipais e do Distrito Federal. Actualmente dirixe todos seus esforzos a fortalecer a investimento en Infraestructura social básica, ó poñer a disposición dos gobernos locais instrumentos de financiación para a atención de necesidades básicas da poboación; e infraestrutura para a competitividade e o desenvolvemento, que busca un crecemento económico sostible.

⁸ <https://www.bancomext.com/productos-y-servicios/acciones-para-apoyar-la-economia>

⁹ <https://www.gob.mx/bancomext/acciones-y-programas/cartas-de-credito-bancomext>

No seu carácter de banca de desenvolvemento e co propósito de contribuir ó crecemento sostible do país, BANOBRAS¹⁰ apoia ós Estados e municipios financiando ou refinanciando proxectos de investimento pública ou privada en infraestrutura e servicios públicos a través de programas como o Fondo de Aportacións para a Infraestrutura Social (FAIS).

Ademáis, BANOBRAS apoia a empresas do sector privado que desenvolven proxectos relacionados con servicios públicos e infraestrutura mediante a **asociación público-privada**. Neste sentido, BANOBRAS conta cunha oferta que permite adaptar a financiación ás condicións e características específicas de cada proxecto:

- Asistencia Técnica
- Financiación de proxectos
- Desenvolvemento de proxectos
- Negocios fiduciarios
- Fondo Nacional de Infraestrutura (FONADIN): destinado a entidades do sector público e privado con proxectos de infraestruturas con rentabilidade social e/ou baixa rentabilidade económica, baixo a modalidade de apoios recuperables e non recuperables.

Banco Nacional de Obras e Servicios Públicos (BANOBRAS)	
Dirección	Av. Javier Barros Sierra 515, Col. Lomas de Santa Fe, Alvaro Obregón C.
Teléfono	(0052) 55 5270 1200
Mail	contacto.banobras@banobras.gob.mx
Web	www.banobras.gob.mx

1.6. UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO PRODUCTIVO (UDP) da SECRETARÍA DE ECONOMÍA

É a encargada de revisar, propoñer, promover, deseñar, coordinar e executar a política pública de apoio a micro, pequena e medianas empresas (Mipemes), cunha perspectiva de redución da desigualdade entre persoas y rexións.

A partir de outubro de 2019 transferíronse as funcións do antigo INADEM, á Unidade de Desenvolvemento Produtivo (UDP) da Secretaría de Economía.

Para máis información pódese consultar a seguinte ligazón: <https://www.gob.mx/se/acciones-y-programas/unidad-de-desarrollo-productivo>

¹⁰ <https://www.gob.mx/banobras#acciones>

Unidade de Desenvolvemento Produtivo (UDP) da Secretaría de Economía	
Dirección	Pachuca 189 - Col, Condesa. Cuauhtémoc C.P 06140
Teléfono	(0052) 55 5729 9100
Mail	contacto.ciudadano@economia.gob.mx
Web	www.gob.mx/se

2. RÉXIME DE INVESTIMENTOS

O organismo responsable da aplicación da Lei de Investimento Extranxeira (LIE) é a Comisión Nacional de Inversións Extranxeiras (CNIE).

A Lei de Investimento Extranxeira (LIE)¹¹ entrou en vigor o 28 de decembro de 1993 e desde entóns sufriu diversas modificacións. Esta lei establece sectores reservados ao Estado, outros reservados a nacionais mexicanos e outros nos que se manteñen restricións á participación da investimento extranxeira. En 2014, efectuáronse cambios á Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos e derivado disto promulgáronse a Lei de Hidrocarburos, a Lei de Petróleos Mexicanos e a Lei da Comisión Federal de Electricidade, mediante as cales certas actividades relacionadas con petróleo e electricidade foron liberadas e en consecuencia modificáronse as áreas estratéxicas reservadas ó Estado Mexicano e outras disposicións da Lei de Investimento Extranxeira e o seu regulamento.

A LIE establece que o inversor extranxeiro poderá participar en calquera proporción no capital social de empresas mexicanas, adquirir activos fixos, participar en novos campos de actividade económica ou fabricar novas liñas de produtos, abrir e dirixir establecementos, ampliar ou relocalizar os xa existentes, salvo que se trate dunha actividade reservada ou que sexa obxecto de regulación específica.

As actividades económicas abertas á participación foránea hasta o 100% do capital social inclúen casi o 94% do total de actividades consideradas na Clasificación Mexicana de Actividades e Produtos do Instituto Nacional de Estadística, Xeografía e Informática (INEGI). Comprendidas en sectores como alimentación, bebidas e tabaco; textil, prendas de vestir e coiros; madeira e produtos de papel, restauración, hoteis e comercio.

A continuación se mostrarán aquelas actividades restrinxidas, sea por estar reservadas ó Estado, a personas de nacionalidade mexicana ou a sociedades con cláusula de exclusión de extranxeiros, ou porque se trata de actividades económicas obxecto de regulación específica acerca da participación de capital extranxeiro. A cláusula de exclusión de extranxeiros é o convenio ou pacto expreso que forma parte integrante dos estatutos sociais, polo que se establece que as sociedades non admitirán directa nin indirectamente como socios ou accionistas a inversores extranxeiros, nin a sociedades con cláusula de admisión de extranxeiros.

¹¹ <http://www.diputados.gob.mx/LeyesBiblio/ref/lie.htm>

Actividades reservadas ó Estado (artigo 5)

- Exploración e extracción do petróleo e dos demais hidrocarburos, en termos do disposto polos artigos 27, parágrafo sétimo e 28, parágrafo cuarto da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos e a Lei regulamentaria respectiva (modificado en agosto de 2014).
- Planeación e control do sistema eléctrico nacional, así como o servizo público de transmisión e distribución de enerxía eléctrica, en termos do disposto polos artigos 27, parágrafo sexto e 28 parágrafo cuarto da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos e a Lei regulamentaria respectiva. (modificado en agosto de 2014).
- Xeneración de enerxía nuclear.
- Minerais radioactivos.
- Telégrafos.
- Radiotelegrafía.
- Correos.
- Emisión de billetes.
- Acuñación de moeda.
- Control, supervisión e vixilancia de portos, aeroportos e heliportos.
- As demais que expresamente sinalen as disposicións legais aplicables.

Actividades reservadas a mexicanos ou sociedades mexicanas con cláusula de exclusión de extranxeiros (artigo 6)

- Transporte terrestre nacional de pasaxeiros, turismo e carga, sin incluír os servizos de mensaxería e paquetería.
- Institucións de banca de desenvolvemento, nos termos da lei da materia.
- A prestación dos servizos profesionais e técnicos que expresamente sinalen as disposicións legais aplicables.

O artigo 6 sinala que a investimento extranxeira non poderá participar nestas actividades e sociedades directamente, nin a través de fideicomisos, convenios, pactos sociais ou estatutarios, esquemas de "piramidación" ou outros esquemas.

En relación á cláusula de exclusión de extranxeiros, é pertinente sinalar que independentemente de que a constitución dunha sociedade levárase a cabo en ditos termos, dita disposición pode ser modificada si así es conveniente á mesma, para o cual precisamos o aviso de modificación da cláusula de exclusión de extranxeiros pola cláusula de admisión.

AVISO DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA DE EXCLUSIÓN DE EXTRANXEIROS POLA DE ADMISIÓN

De conformidade co que establece o segundo parágrafo do artigo 16 da Lei de Inversión Extranxeira, as sociedades que modifiquen a súa cláusula de exclusión de extranxeiros pola de admisión dos mesmos,

deberán dar aviso deste cambio á Secretaría de Relacións Exteriores, dentro dos 30 días hábiles seguintes a dita modificación, debendo cumprir co que establecen os artigos 16 da Lei de Inversión Extranxeira e 18 do seu Regulamento. No caso de que non se cumpran estes procedementos, se aplicarán as sancións que contempla o mesmo ordenamento.

De conformidade co “Acordo polo que se da a coñecer o mecanismo mediante o cal os fedatarios públicos deberán presentar ante a Secretaría de Relacións Exteriores, os avisos que se indican”, publicado no Diario Oficial da Federación o 17 de xullo de 2014, os avisos da celebración dos convenios de extranxería das sociedades mexicanas que se constitúan cas cláusulas de admisión de extranxeiros; así como os avisos de cambio de cláusula de exclusión pola de admisión de extranxeiros, de conformidade co numeral catro do citado acordo, deberán ser presentados a través do Sistema Integral Para o Artigo 27 Constitucional, (SIPAC 27), utilizando a súa Firma Electrónica, a través del siguiente link:

<https://webapps.sre.gob.mx/sipac27>

Así mesmo, no cuarto transitorio del acuerdo, establécese un prazo de tres meses contados a partir da súa publicación para que os avisos poidan ser presentados por medios electrónicos e a través da ventanilla de recepción de documentos desta Dirección Xeral, e que unha vez concluído dito prazo, os avisos só se recibirán por medios electrónicos.

Actividades e adquisicións con regulación específica para extranxeiros (artigo 7)

Nas áreas económicas que se detallan a continuación, a LIE establece porcentaxes máximas de participación extranxeira, que non se poden exceder directa ou indirectamente, salvo tratándose de investimento coñecida como “investimento neutra”, pois esta non computa a estos efectos:

- Actividades con participación extranxeira de hasta o 10%:

- Sociedades cooperativas de produción.

- Actividades con participación extranxeira de hasta o 49%:

- Fabricación e comercialización de explosivos, armas de fogo, cartuchos, municións e fogos artificiais, sen incluír a adquisición e utilización de explosivos para o consumo de actividades industriais e extractivas, nin a elaboración de mezclas explosivas para o consumo de ditas actividades.
- Impresión e publicación de periódicos para a circulación exclusiva en territorio nacional.
- Acciones series “T” de sociedades que teñan en propiedade terras agrícolas, ganadeiras e forestais.
- Pesca en augua doce, costeira e na zona económica exclusiva, sin incluír acuicultura.
- Administración portuaria integral.
- Servizos portuarios de pilotaxe ás embarcacións para a navegación interior, nos termos da lei na materia.

- Sociedades navieiras dedicadas á explotación comercial de embarcacións para a navegación interior e de cabotaxe, con excepción de cruceiros turísticos e a explotación de dragas e artefactos navais para a construción, conservación e operación portuaria.
- Suministro de combustible e lubricantes para embarcacións, aeronaves e equipo ferroviario.
- Radiodifusión. Dentro deste máximo de investimento estranxeira se estará á reciprocidade que exista no país no que se encontre constituído o inversionista ou o axente económico que controle en última instancia a éste, directa ou indirectamente.
- Servizo de transporte aéreo nacional regular e non regular, servizo de transporte aéreo internacional non regular na modalidade de taxi aéreo e servizo de transporte aéreo especializado. (adicionado en xuño de 2017)

Actividades nas que se require resolución favorable da CNIE para que a investimento estranxeira participe nunha porcentaxe maior ó 49%:

- Servizos portuarios ás embarcacións para realizar as súas operacións de navegación interior, tales como remolque, amarre de cabos e lanchaxe.
- Sociedades navieiras dedicadas á explotación de embarcacións exclusivamente en tráfico de altura.
- Sociedades concesionarias ou permisionarias de aeródromos de servizo ó público.
- Servizos privados de educación preescolar, primaria, secundaria, media superior, superior e combinados.
- Servizos legais.
- Construción, operación e explotación de vías férreas que sexan vía xeral de comunicación e prestación do servizo público de transporte ferroviario.

Tamén se require resolución favorable da CNIE no caso de que a investimento estranxeira pretenda adquirir máis do 49% do capital social de sociedades mexicanas xa constituídas que realicen actividades non reguladas pola LIE cando o valor total dos activos das sociedades mexicanas de que se trate rebase o monto que determina a propia CNIE (ART 9). A Resolución Xeneral da CNIE publicada no DOF o 7 de maio de 2020¹² establece que o monto do valor dos activos vixente para 2020 é de 20.184.671.346,26 pesos.

Réxime de participación estranxeira sin restriccións

Nos casos non previstos nos supostos anteriores, a investimento estranxeira pode participar no capital social de unha sociedade mexicana ata nun 100% de dito capital.

Investimento neutra

Unha excepción para que a investimento estranxeira participe en actividades limitadas a extranxeiros, é a que se efectúa a través de investimento neutra, que se define na LIE como aquela realizada en sociedades

¹² https://www.dof.gob.mx/nota_detalle.php?codigo=5592923&fecha=07/05/2020

mexicanas ou fideicomisos autorizados conforme á LIE, e que non computa para determinar a porcentaxe de investimento estranxeira no capital social de sociedades mexicanas. Polo xeral este tipo de investimento só se ten contemplada para sociedades anónimas ou sociedades anónimas promotoras de investimento e non para os outros tipos de sociedades, pois se contemplan só para as que poidan emitir accións.

A chamada *investimento neutra* (mediante a adquisición de accións neutras, é dicir, de serie especial, ou emitidas por sociedades mexicanas mediante fideicomisos autorizados) confire ó seu tenedor dereitos pecuniarios, pero non dereitos corporativos, incluíndo o de voto, e permite excedelos límites ás restriccións de participación no capital establecidas pola LIE. Dita investimento pode ser realizada directamente en sociedades mexicanas ou nos fideicomisos autorizados pola LIE, previa autorización, no caso de empresas que coticen en Bolsa, a Comisión Nacional Bancaria e de Valores.

Por outra parte, existe un principio doctrinario que aplica en dereito positivo mexicano, a Cláusula Calvo. chámase así á estipulación de renuncia de protección diplomática que se incorpora ós contratos entre un Estado latinoamericano e un cidadano ou corporación estranxeiros, en virtude da cal éstos non poden acudir o ser goberno para defender os seus dereitos contractuais nin para formular reclamacións contra a outra parte con ocasión ou por consecuencia do contrato que lles vincula.

ESTABLECEMENTO DE EMPRESAS

Existen catro formas reconocidas pola lexislación mexicana para levar a cabo proxectos de investimento estranxeira que impliquen o establecemento dunha empresa:

1. *Apertura dunha oficina de representación.*

Se distinguen dous tipos para efectos fiscais:

- **Oficina de representación con ingresos.** Cando a empresa matriz en España está legalmente establecida e recoñecida xurídicamente en México. Se lle otorga á oficina de representación o tratamento fiscal dun establecemento permanente ou base fixa no territorio mexicano. Estas oficinas realizan de forma habitual e permanente actividades empresariais, entre as que se poden incluír as de promoción.
- **Oficina de representación sen ingresos.** Neste caso, a oficina de representación non pode levar a cabo actividades mercantís. Trátase de oficinas que serven de enlace entre México e España, e realizan funcións previas e auxiliares ás actividades da empresa matriz española.

Se ben a Oficina de Representación sn ingresos non pode realizar actividades mercantís, require para seu funcionamento de inscrición no Rexistro Federal de Contribuintes que mantén o Servicio de Administración Tributaria (SAT) para que poida abrir e manter contas bancarias na República Mexicana e cumprir súas obrigas fiscais como retenedor do persoal que empregue. Tamén require de inscrición no Instituto Mexicano do

Seguro Social e, en xeral, nas demais institucións relacionadas cos traballadores. Este tipo de oficinas non requiren da obtención de ningunha autorización, nin rexistro algún ante a Secretaría de Economía.

Os pasos a seguir para o establecemento da oficina son que os documentos formalizados ante fedatario español apostíllense e protocolícense ante Notario Público Mexicano, os estatutos sociais da entidade española, así como dos apoderados que realizarán actividades en México. Estes documentos servirán principalmente para presentalos ante calquer terceiro ou autoridade na República Mexicana.

2. Establecemento dunha sucursal.

Dacuerdo ca LIE, enténdese por sucursal toda sociedade extranxeira que se establece no país para realizar de forma habitual actos de comercio na República Mexicana. Toda sucursal é unha oficina de representación con ingresos, pero non todas as oficinas de representación con ingresos son sucursais. As sucursais están recoñecidas polo Código de Comercio como comerciantes.

3. Constitución dunha sociedade mercantil.

Na formación dunha sociedade mexicana, a LIE permite que exista unha participación de capital extranxeiro de ata o 100%. No caso de que a participación sexa igual ou superior ó 51% do capital social, considerárase “subsidiaria” (o que en España denomínase habitualmente “filial”). Como se sinalou en parágrafos anteriores, nalgúns casos, a LIE prohíbe ou restrinxe a participación extranxeira nas sociedades mercantís, dependendo da actividade económica que se vaia a desenvolver. A lexislación mexicana contempla 7 modalidades de sociedades mercantís:

- Sociedades en nome colectivo;
- Sociedades en comandita simple;
- Sociedades de responsabilidade limitada;
- Sociedade Anónima;
- Sociedade en comandita por accións;
- Sociedade cooperativa;
- Sociedade por Accións Simplificada: unha modalidade máis sinxela introducida en marzo de 2016 para ser constituída e gratuita, que pode ser unipersoal aínda que con limitacións como un monto máximo de ingresos de 5 millóns de pesos e a natureza da súa actividade que debe ser comercial.

4. Contrato de asociación.

Ésta é unha forma de investimento que en ocasións se identifica coa *Joint Venture* (JV). En México non existe unha regulación particular das JV, polo que están suxeitas ós acordos os que cheguen as partes. Os acordos que derivan das JV poden implicar vehículos, como son a constitución de sociedades mercantís ou fideicomisos ou outro tipo de contratos.

Non obstante, a Lei Xeral de Sociedades Mercantís (LGSM) regula un tipo de JV, que é a Asociación en Participación. A pesar de que a LGSM non recoñece personalidade jurídica ás JV, a lexislación fiscal en vigor

outórgalles personalidade xurídica, considerándoas a todos os efectos como persoas xurídicas distintas dos asociados.

Con especial incidencia nas relacións empresariais e comerciais existen dous **Acordos Económicos** relevantes:

- **Convenio de Doble Imposición (CDI)** (e.v.1995. En marzo de 2015 firmouse o Protocolo que modifica o Convenio para adaptalo aos modelos da OCDE, incorporando unha nova redacción a algúns artigos. O 27 de setembro de 2017 entraron en vigor as regras do Novo Protocolo e o
- **Acuerdo de Promoción y Protección Recíproca de Inversiones (APPRI)** (abril 2008). Outros ministerios sectoriais e organismos tamén suscribiron MOUs e/ou Convenios de colaboración cos seus homólogos mexicanos.

3. INCENTIVOS Á INVESTIMENTO

3.1 INCENTIVOS FISCAIS, SECTORIAIS OU REXIONAIS

Os principais **instrumentos federais** de apoio vixentes na actualidade son:

3.1.1.- PROGRAMAS DE COMERCIO EXTERIOR

a) Programa de Devolución de Impostos de Importación ós Exportadores (DRAWBACK)

Ofrece a posibilidade de obter a devolución do imposto xeral de importación pagado polos bens que se incorporaron a mercadorías de exportación, ou polas mercadorías que se retornan no mesmo estado ou que foran sometidas a procesos de reparación ou alteración.

Información adicional na Dirección Xeral de Comercio Exterior da Secretaría de Economía:
<https://www.gob.mx/tramites/ficha/devolucion-de-impuestos-a-los-exportadoresdrawback/SE1263>

b) Decreto para Fomento da Industria Manufactureira, Maquiladora e de Servizos de Exportación (IMMEX).

O Decreto para o Fomento da Industria Manufactureira, Maquiladora e de Servizos de Exportación (Decreto IMMEX) integra os programas para o Fomento e Operación da Industria Maquiladora de Exportación (Maquila) e os Programas de Importación Temporal para Producir Artículos de Exportación (PITEX), cuxas empresas representan no seu conxunto o 85% das exportacións manufactureiras de México.

O Programa IMMEX é un instrumento mediante o cal se permite importar temporalmente os bens necesarios para ser utilizados nun proceso industrial ou de servizo destinado á elaboración, transformación ou reparación de mercadorías de procedencia extranxeira importadas temporalmente para súa exportación ou á prestación de servizos de exportación, sin cubrir o pago do imposto xeneral de importación, do imposto ó valor engadido

e, no seu caso, das cuotas compensatorias.

En decembro de 2019 incorporouse na Lei do Imposto Sobre a Renda (ISR) o artigo 183- Bis na que se regulan diversas disposicións en relación con este programa de maquila.

Pódese ampliar a información na Ventanilla Única de Comercio Exterior (VUCEM) da Secretaría de Economía:
<https://www.ventanillaunica.gob.mx/vucem/Tramites/SE.html>

c) Programa de Promoción Sectorial (PROSEC).

Instrumento que permite ás compañías importar con arancel preferencial (na súa maioría cero) determinados produtos, independentemente de que as mercadorías a producir sexan destinadas á exportación ou ó mercado nacional.

Pódese ampliar a información na Ventanilla Única de Comercio Exterior (VUCEM) da Secretaría de Economía:
<https://www.ventanillaunica.gob.mx/vucem/Tramites/SE.html>

d) Programa de Empresas Altamente Exportadoras (ALTEX)

Instrumento de promoción ás exportacións de produtos mexicanos, consistente na eliminación de obstáculos administrativos e a aplicación facilidades fiscais a favor do sector industrial. As empresas que xa contan con constancia de Empresa Altamente Exportadora (Altex) deben presentar o “Reporte anual de operacións de comercio exterior” (RAOCE) nos prazos establecidos para manter os beneficios. O “reporte” se mostra á Secretaría de Economía a través da ventanilla única de comercio exterior mexicana (VUCEM).

www.ventanillaunica.gob.mx

e) Rexistro de Empresas de Comercio Exterior (ECEX)

Instrumento de promoción ás exportacións, mediante o cal as empresas comercializadoras poderán acceder ós mercados internacionais con facilidades administrativas e apoios financeiros da banca de desenvolvemento. As empresas que contan con constancia ECEX deben presentar o “Reporte anual de operacións de comercio exterior” (RAOCE) nos prazos establecidos para manter os beneficios. O “reporte” se presenta á Secretaría de Economía a través da ventanilla única de comercio exterior mexicana (VUCEM) –www.ventanillaunica.gob.mx. Empresas ECEX: <http://www.siicex.gob.mx/portalsiicex/directorios/directoriospf.htm>

f) REGRA OITAVA, do Artigo 2 da Lei dos Impostos Xerais de Importación e Exportación

Mecanismo vinculado ós programas de promoción sectorial que permite importar materiais, insumos, partes e compoñentes a través das fraccións arancelarias da partida 98.02 da Tarifa da Lei dos Impostos Xerais de Importación e Exportación (TIGIE) con arancel cero, previa autorización da Secretaría de Economía.

3.1.2.- PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN.

A administración pasada puxo en marcha un “Programa de Desenvolvemento Innovador 2013- 2018” que buscaba desenvolver unha política industrial e de innovación que promovera un crecemento equilibrado por sectores, rexións e empresas, aliñar os programas e instrumentos da secretaría e de outras dependencias, impulsar o acceso á financiación e o capital etc. No se dou a coñecer aínda se a nova administración (2018-2024) manterá o actual ou impulsará algún outro programa similar. O texto íntegro do programa pódese consultar na seguinte ligazón:

http://www.economia.gob.mx/files/prodeinn/Programa_de_Desarrollo_Innovador2013-2018.pdf

A **Subsecretaría de Industria e Comercio**¹³ da Secretaría de Economía recolle na súa páxina web os programas e accións que se están a levar a cabo para favorecer a innovación, a competencia e a produtividade:

O Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (CONACYT)¹⁴, tamén conta con fondos e programas para promover e estimular o desenvolvemento da ciencia, a tecnoloxía e a innovación no país como por exemplo os **Fondos e Apoios do Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía**.

O Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, responsable de elaborar as políticas de ciencia e tecnoloxía en México. Foi creado en 1970, como un organismo público descentralizado da Administración Pública Federal mexicana, integrante do Sector Educativo, con personalidade xurídica e patrimonio propio.

O CONACYT ten como meta a consolidación dun Sistema Nacional de Ciencia e Tecnoloxía que responda ás demandas prioritarias do país, que aporte solucións a problemas e necesidades específicos, e que contribúa a elevar o nivel de vida e o benestar da poboación. Os sectores que identifica como estratéxicos son: as tecnoloxías de información e as comunicacións, biotecnoloxía, materiais avanzados, deseño e os procesos de manufactura, infraestrutura e o desenvolvemento urbano e rural, incluíndo seus aspectos sociais e económicos; as innovacións en estas áreas orientaranse a atender á poboación menos favorecida. Recibirán tamén especial atención as accións relacionadas ca atención a mulleres, persoas con discapacidade, grupos indíxenas e migrantes.

Programa para o Desenvolvemento das Industrias de Alta Tecnoloxía (PROIAT, antes PRODIAT).

O Programa para o Desenvolvemento das Industrias de Alta Tecnoloxía¹⁵ outorga apoios de carácter temporal por valor de hasta o 50% do valor de proxectos (70% en determinados casos) que fomentan a transferencia e

¹³ <https://www.gob.mx/se/acciones-y-programas/industria-y-comercio>

¹⁴ <https://www.conacyt.gob.mx/>

¹⁵ <https://www.gob.mx/se/articulos/sabes-que-es-el-programa-de-apoyo-para-la-mejora-tecnologica-de-la-industria-de-alta-tecnologia>

adopción de tecnoloxías de vangarda para potenciar a competitividade dos sectores precursores e de alta tecnoloxía, atendendo as fallas de mercado que obstaculizan o crecemento da produción, o emprego, a produtividade e a competitividade das empresas e da industria en xeral.

Programa de Desenvolvemento do Sector de Servizos de Tecnoloxías de Información. (PROSOFT).

El Programa de Desenvolvemento do Sector de Servizos de Tecnoloxías de Información¹⁶ é un programa da Secretaría de Economía que ten como obxectivo contribuir ó crecemento do sector de tecnoloxías da información en México, mediante apoios económicos a proxectos relacionados cas tecnoloxías da información.

Programa para a Productividade e Competitividade Industrial (PPCI).

O Programa para a Productividade e Competitividade¹⁷ Industrial tamén é un programa da Secretaría de Economía orientado ó desenvolvemento do capital humano, á mellora da calidade dos procesos e produtos da industria, á adopción de novas tecnoloxías etc.

3.1.3.- APOIO ÁS MIPEMES

MIPEMES MX ¹⁸ é unha plataforma da Secretaría de Economía para todas as micro, pequenas e medianas empresas de México.

Plataforma integrada na Secretaría de Economía e a cal tamén asumiu as funcións do desaparecido Instituto Nacional do Emprendedor en 2018.

3.1.4.- INCENTIVOS FISCAIS

Non existen en México incentivos fiscais específicos para a investimento extranxeira salvo algúns que poden ofrecer os estados ou municipios en relación cos impostos que se cobran localmente ou deducións que teñen que ver ca contratación de persoas maiores, con discapacidade, etc.

É recomendable recurrir ás **Secretarías de Desenvolvemento Económico** dos Estados que se estén analizando para o establecemento dunha investimento posto que apoian e poñen a disposición das empresas extranxeiras, en función da natureza da súa investimento, programas e incentivos específicos que poden ter para atraer empresas de sectores ou actividades específicas. O directorio de contacto dos Secretarios de Desenvolvemento Económico dos diferentes estados pódese consultar na páxina da Asociación Mexicana de Secretarios de Desenvolvemento Económico¹⁹.

Con carácter xeral, as deducións ás que teñen dereito as empresas no marco do Imposto sobre a Renda se

¹⁶ <https://www.ciapem.org/reglas-de-operacion-prosoft-2020/>

¹⁷ <https://www.gob.mx/se/articulos/conoce-las-reglas-de-operacion-2019-del-programa-para-la-productividad-y-competitividad-industrial-ppci?idiom=es>

¹⁸ <https://mipymes.economia.gob.mx/>

¹⁹ <http://amsde.mx/directorio/>

recollen nos artigos 25 e seguintes da ley que regula o imposto. Adicionalmente, no “régime de incorporación fiscal” incorporado na reforma de 2013 establécese que as persoas físicas con actividade empresarial con ingresos menores a unha determinada cantidade poden beneficiarse dalgúns descontos en impostos (Lei de Ingresos da Federación artigo 23 e seguintes).

<https://www.sat.gob.mx/consulta/55107/conoce-el-regimen-de-incorporacion-fiscal>

Os incentivos deseñados para a atracción da investimento extranxeira, a nivel federal, teñen máis que ver co apoio e fomento do comercio exterior e programas específicos para favorecer o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar ás pymes, etc. que se recollen no apartado “Incentivos á Investimento”.

3.1.5.- INCENTIVOS LABORAIS

a) Programas de formación

- Cursos de capacitación para o traballo que ofrece a Dirección Xeral de Centros de Formación para o Traballo (DGCFT) da Secretaría de Educación Pública.
- Programa de Capacitación a distancia para traballadores ²⁰ (PROCADIST) da Secretaría de Traballo e Previsión Social: busca fortalecer as competencias laborais dos traballadores en activo, a través dun esquema de capacitación de cursos que favorecen a aprendizaxe en entornos virtuais.
- Crédito FONACOT²¹ para a capacitación e formación educativa: financiación a un prazo de ata 5 anos do Instituto FONACOT para acceder ás diversas opcións no mercado destinadas á capacitación e formación educativa que traballadores ou seus familiares continúen cos seus estudos.
- Programas do Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía²² (CONACYT): a institución formula e financia programas de becas e en xeral de apoio á formación de capital humano científico e tecnolóxico. Destacan os programas de becas que inclúen becas nacionais (Programa Nacional de Posgrado de Calidade, Programa de Fortalecemento Académico para Indíxenas, Formación para a administración pública e Estancias posdoctorais nacionais) e internacionais (Estancias posdoctorais y sabáticas no extranxeiro, Repatriacións e Retencións e Programa de cooperación ó posgrado).

b) Apoios á contratación

- Medidas de apoio ó emprego da Secretaría de Traballo e Previsión Social (STPS), entre as que se encontra o Programa de Apoio para a Productividade, que inclúe medidas de capacitación, axudas á certificación de traballadores, asistencia técnico-legal e cursos.

²⁰ <https://www.procadist.gob.mx/portal/>

²¹ <https://www.fonacot.gob.mx/creditofonacot/cliente/Paginas/ComoPuedoObtenerCreditoFONACOT.aspx>

²² <https://www.conacyt.gob.mx/>

c) A nova administración (2018-2024) puxo en marcha o Programa “**Xóvenes Construindo o futuro**²³” que busca que “miles de xóvenes entre 18 a 29 anos de idade poidan capacitarse no traballo. O Goberno de México lles otorga unha beca mensual de 3,600 pesos para que se capaciten durante un ano”.

3.2 ZONAS FRANCAS OU ZONAS ECONÓMICAS ESPECIAIS

En México non hai como tal “zonas francas” aínda que o réxime que máis se asemella a unha zona franca é o “Recinto Fiscalizado Estratéxico” (REFIE) que ten seu fundamento nos artigos 14-D, 135-A, 135-B, 135-C, 135-D y 144-A da Lei Aduaneira. http://www.diputados.gob.mx/LeyesBiblio/pdf_mov/Ley_Aduanera.pdf

O “Recinto Fiscalizado Estratéxico” permite a introdución por tempo limitado de mercadorías extranxeiras, nacionais ou nacionalizadas, para ser obxecto de manexo, almacenaxe, custodia, exhibición, venda, distribución, elaboración, transformación ou reparación nas seguintes condicións:

- Non pagarán os impostos ó comercio exterior nin as cuotas compensatorias, salvo tratándose de mercadorías extranxeiras, nos casos previstos no artigo 63-A da Lei Aduaneira.
- Non estarán suxeitas ó cumprimento das regulacións e restricións non arancelarias ou normas oficiais mexicanas, excepto as expedidas en materia de sanidade animal e vexetal, saúde pública, medio ambiente e seguridade nacional.
- As mermas resultantes dos procesos de elaboración, transformación ou reparación non causarán contribución algunha nin cuotas compensatorias.
- Os desperdicios non retornados non causarán contribucións, sempre que se demostre que foron destruídos cumprindo cas disposicións de control que para tales efectos estableza o SAT mediante regras, determinando as contribucións e cuotas compensatorias que correspondan.

As mercadorías extranxeiras que se introduzan a este réxime poden permanecer nos recintos fiscalizados estratéxicos por un tempo limitado de ata dous anos, salvo nos seguintes casos, nos que el prazo será non maior ó previsto na Lei do Imposto sobre a Renda para súa depreciación:

- a) Maquinaria, equipo, ferramentas, instrumentos, moldes e refaccións destinados ó proceso productivo;
- b) Equipos e aparatos para o control da contaminación; para a investigación ou capacitación, de seguridade industrial, de telecomunicación e cómputo, de laboratorio, de medición, de proba de produtos e control de calidade; así como aqueles que interveñan no manexo de materiais relacionados directamente cos bens obxecto de elaboración, transformación ou reparación e outros vinculados co proceso productivo.
- c) Equipos para o desenvolvemento administrativo.

²³ <https://jovenesconstruyendoelfuturo.stps.gob.mx/>

As mercadorías que se introduzan baixo este réxime poden retirarse de dito recinto para:

- Importarse definitivamente, si son de procedencia extranxeira.
- Exportarse definitivamente, si son de procedencia nacional.
- Retornarse ó extranxeiro as de esa procedencia ou reincorporarse ó mercado as de orixe nacional, cando os beneficiarios se desistan de este réxime.
- Importarse temporalmente por empresas con programa IMMEX.
- Destinarse ó réxime de depósito fiscal.

Durante o prazo de vixencia do réxime, as mercadorías podrán retirarse para su importación cumprindo cas disposicións que determine o Servicio de Administración Tributaria.

As mercadorías suxeitas a este réxime se poderán transferir dun inmovible ubicado dentro do recinto fiscalizado a outro ubicado dentro do mesmo recinto, ou a outro recinto fiscalizado habilitado nos termos do artigo 14-D da Lei Aduaneira, sempre que se cumpran cas formalidades que para tales efectos estableza o Servicio de Administración Tributaria.

Os produtos resultantes dos procesos de elaboración, transformación ou reparación que retornen ó extranxeiro darán lugar ó pago do imposto xeral de exportación.

En calquera caso son poucos os Recintos Fiscalizados Estratéxicos que funcionan en México e non teñen moita actividade. Pódese consultar información adicional, así como un mapa cos REFIE actuais nas seguintes ligazóns:

<http://omawww.sat.gob.mx/rfe/Paginas/default.htm>

http://omawww.sat.gob.mx/rfe/Paginas/01_queesrfe.htm

3.3 OUTRO TIPO DE INCENTIVOS

As Secretarías de Desenvolvemento Económico –ou seu equivalente, segundo o Estado— son as dependencias gubernamentais de cada un dos Estados que compoñen a República encargadas de coordinar, impulsar e fomentar o desenvolvemento económico do Estado e da súa promoción no ámbito rexional, nacional e internacional. Nas súas páxinas web ofrecen información de utilidade e estadísticas sobre o mercado ademais dun elenco de programas e organismos de apoio á inversión. Non obstante, recoméndase ó inversor contactar ca Secretaría do Estado correspondente para presentar o seu proxecto e tratar as condicións da súa implantación.

Asociación Mexicana de Secretarías de Desarrollo Económico

<http://www.amsde.mx/>

Gobiernos Estatales

<http://www.cnpj.gob.mx/sitios-de-interes/Paginas/gobiernos-estatales.aspx>